
**NUMAX
NA ESCOLA**

GIRLHOOD

[Céline Sciamma, 2014]

**UNIDADE
DIDÁCTICA#01**

Girlhood

A directora francesa Céline Sciamma pecha, co filme *Girlhood*, a súa triloxía arredor da configuración da identidade de distintas mozas adolescentes. Desta volta a historia lévanos á vida cotiá de Marieme, unha rapaza de orixe africana, que vive nos barrios suburbiais de París (máis coñecidos como *banlieue*), e ten que lidar desde moi nova con distintos problemas e contradicións comúns a outras mozas da súa mesma extracción social. Ante o abandono dun pai do que nada se sabe ao longo da fita, e a práctica ausencia dunha nai que mantén economicamente o núcleo familiar traballando toda a xornada na limpeza de hoteis de luxo, Marieme ten que se responsabilizar das súas dúas irmás pequenas, ao tempo que sofre o control dun irmán maior que a somete a diario a través da violencia física e psicolóxica.

Tras a presentación deste severo escenario social e familiar, que ocupa o primeiro segmento do filme, asistimos ao crecemento de Marieme que se nos presenta nun inicio como unha moza introvertida, indecisa e carente de autoestima mais que vivirá axiña unha mudanza fundamental na configuración da súa identidade. A entrada nunha pequena banda de mozas (de aí o título orixinal do filme, *Bande des filles* —grupo de mozas—) provocará unha serie de transformacións en Marieme, tanto físicas —asimilación ao look grupal,

caracterizado polas cazadoras de coiro e o pelo alisado— como psicolóxicas —sentimento de pertenza a un grupo—. A vida na rúa preséntase ante a cámara con todas as súas contradicións, combinando episodios de felicidade —compañeirismo, camaradería, o baile como celebración e liberación dos corpos— con escenas que amosan a violencia física e estrutural da *banlieue* —bullying, pelexas entre bandas—.


Na segunda metade do filme, complétase o crecemento de Marieme quen, abafada polo exceso de control do seu irmán maior e a ausencia de perspectivas de futuro, toma a difícil decisión de deixar o seu barrio de orixe. Na procura da independencia a moza debe operar unha dobre renuncia que a leva a abandonar a convivencia familiar mais tamén o grupo de amigas que tiña definido boa parte da súa identidade. Pero a uns xeitos de dominación sucédennlle outros. Marieme comeza a gañarse a vida vendendo substancias estupefacientes ao tempo que atura a explotación do seu xefe, traficante e proxeneta, que representa un novo xeito de dominación masculina encol da protagonista.

O remate do filme, completamente aberto, sitúa a Marieme de novo no seu barrio, nunha visita que desencadea sentimentos encontrados, desde a nostalxia e a memoria das vivencias felices, até a

renuncia a unha vida convencional e carente de estímulos. Na escena final, tras chamar ao timbre da vivenda familiar, a nosa protagonista decide non entrar no inmoible, rematando o filme cunha saída de plano, camiñando cara á fronte, decidida a tomar as rendas da súa vida.



A adolescencia en clave de xénero



Con só catro longametraxes asinadas, a directora Céline Sciamma ocupa unha posición relevante dentro da escena cinematográfica francesa contemporánea. Sciamma nace en 1978 en Pontoise, un concello situado nas aforas de París, o que a leva a se familiarizar coa vida suburbial representada, entre outros filmes, en *Girlhood*. Logo de se licenciar en literatura francesa comeza a estudar guión na escola de cinema La Femis, onde recibe aulas do tamén cineasta Xavier Beauvois, de quen herda o seu gusto pola austeridade formal, a escaseza de diálogos e unha posta en escena queda e estilizada. En 2007, dáse a coñecer no panorama internacional co filme *Lirios de auga*, no que relata a descuberta do amor e a identidade sexual dunha moza de quince anos, que se percata da súa atracción cara a persoas do seu mesmo sexo. O relato de Sciamma, pleno de delicadeza e carente de calquera ollada morbosa ou sensacionalista, válelle a selección no Festival de Cannes 2008, dentro da sección Un Certain Regard. A partir deste intre, e xa consolidada como unha cineasta de culto, Sciamma completa unha triloxía na que achega outros tantos retratos de mozas adolescentes afrontando chanzos claves na conformación da súa identidade. Este será o caso de *Tomboy* (2011), o seu segundo filme, un relato valente que nos achega ao cotiá dunha nena preadolescente que se fai pasar por un rapaz.

Unha das vontades da cineasta de Pontoise reside en ofrecer retratos alternativos que fuxan do tópico representacional que o cinema adoita dedicar á adolescencia. Á habitual imaxe do adolescente masculino, caucásico e heterosexual, Sciamma

retruca con personaxes que representan a alteridade, xa sexa a nivel de xénero, identidade, orientación sexual, clase social ou orixe étnica. E así chegamos a *Girlhood* coa que, segundo ten declarado a propia autora, remata a triloxía da adolescencia en clave de xénero de Céline Sciamma. Nesta última fita, aos conflitos inherentes a calquera proceso de crecemento e formación, súmase a importancia do contexto socioeconómico e cultural na conformación do eu. A asunción de responsabilidades familiares en idades prematuras, un espazo urbano carente de estímulos e servizos sociais ou culturais, a ausencia de perspectivas laborais, a dominación masculina no eido doméstico e laboral ou a pertenza a un colectivo étnico habitualmente afastado das esferas do poder, son algúns dos elementos estruturais que condicionan o crecemento de Marieme. Porén, lonxe de calquera ollada lacrimóxena ou paternalista, os personaxes de Sciamma preséntansenos en toda a súa complexidade, plenos de claroscuros e contradicións internas mais, ao tempo, exemplos de fortaleza e un certo estoicismo que os leva a resistir ante calquera tentativa de coutar a súa liberdade.

A figura de Sciamma terá a súa consolidación definitiva en 2019 con *Retrato dunha muller en chamas*, arrebatado relato de amor e paixón entre unha pintora e a súa modelo. Un filme dunha sobrecolleadora beleza, gañadora ao mellor guión en Cannes e nomeada aos Globos de Ouro ao mellor filme de fala non inglesa. Con pouco de corenta anos, Sciamma está chamada a marcar unha época no cinema europeo actual.

Obxectivos e contidos desta unidade didáctica



Fomentar o respecto cara á diferenza e a diversidade. O acceso a novas realidades permítelle ao alumnado atopar similitudes e diferenzas co seu propio contexto cultural e favorecer a un tempo unha actitude tolerante cara ao outro e a posta en valor do seu propio acervo cultural.



Aprender en igualdade. Detectar as distintas tipoloxías de dominación ou violencia de xénero co obxectivo de eliminalas en calquera das súas formas ou manifestacións. Toma de conciencia do elevado índice de maltrato ás mulleres que se dá na nosa contorna social.



Analizar de xeito crítico os roles aos que, tradicionalmente, queda relegada a muller na nosa sociedade, tanto no eido doméstico como laboral.



Contextualización social do relato. Estudar de que maneira os condicionantes económicos afectan a evolución dos seres humanos en sociedade.



Educación corporal. Posta en valor do baile ou o deporte como elementos necesarios de expresión e liberación dos corpos.



A camaradaría e o compañeirismo como base das relacións sociais. Ollada crítica cara ao acoso escolar e o abuso de poder.




Visionado analítico da linguaxe cinematográfica. Detección das estratexias narrativas que interveñen no relato e posta en cuestión da súa intencionalidade.

Metodoloxía

A proposta de actividades que ofrecemos a continuación busca fornecer de guías e contidos que permitan desenvolver os diferentes valores e nexos temáticos que o filme atesoura. As actividades tentan favorecer, por unha banda, a **expresión oral e escrita** de cada alumno ou alumna, combinado con traballos en grupo que fomentan o **intercambio de ideas** e o contraste na aula en forma de **debate**.

Varias das actividades solicitarán do alumnado unha atenta ollada do filme, para favorecer o visionado activo e participante. Ademais, o traballo teórico e conceptual complementarase cun **exercicio práctico**, accesible cun simple teléfono móbil, **de creación audiovisual**, que lle poderá descubrir a cada mozo ou moza as posibilidades expresivas que ten ao alcance da man.

Con todas estas propostas tentamos que, ademais de gozar dun filme que atesoura importantes logros artísticos, cada espectador ou espectadora **analice de xeito crítico** os condicionantes de índole social, orixe étnica e xénero que inciden na vida da protagonista e que, en moitos casos, non están moi afastados do noso contexto social. Nese sentido tentarase na metodoloxía proposta incluír cuestións que relacionen o visionado coa **realidade cotiá que cada rapaz ou rapaza** atopa na súa contorna.



UN PASEO POLA 'BANLIEUE'



O espírito de *Girlhood* atopa certos paralelismos con algunhas das características esenciais do movemento Neorrealista que nace logo da Segunda Guerra Mundial en Italia. O principal elemento que liga o filme coas máximas desta corrente cinematográfica será o emprego de actrices non profesionais, seleccionadas nun *casting* realizado en centros de ensino da periferia parisiense. Mais neste apartado repararemos na relevancia que, baixo a ollada de Sciamma, acada o contexto social, urbano e arquitectónico na vida das mozas protagonistas.

Facemos aquí referencia ao termo *banlieue*, que poderíamos traducir ao galego como suburbio ou arrabalde, e que designa en Francia os barrios periféricos das grandes cidades, fundamentalmente París. A orixe da *banlieue* remóntase á década dos sesenta, nun momento histórico no que o país galo comeza a absorber grandes cantidades de poboación inmigrante que, a xeito de man de obra barata, chega para traballar nas periferias industriais da cidade. A configuración social da *banlieue* destaca pola súa diversidade cultural, pois xúntanse en barriadas como a que habita Marieme, cidadáns procedentes das antigas colonias francesas espaxadas por todo o planeta cunha certa burguesía de orixe francesa que busca nas aforas das cidades espazos arredados do balbordo do centro



ao que, no seu momento, se uniron xeracións de labregos franceses que, como consecuencia do éxodo rural, tiveron que emigrar ás cidades.

Desde o punto de vista arquitectónico, a *banlieue* caracterízase pola ausencia de planificación urbanística e a construción de grandes inmobles de até vinte alturas nos que poden chegar a convivir centos de familias en poucos metros cadrados. A ausencia de equipamentos e servizos sociais,

así como dunha oferta cultural ou de lecer para a importante poboación moza que habita a contorna, provoca que as relacións sociais teñan lugar na rúa, o que orixina unha cultura urbana rica e diversa mais non exenta de contradicións. A pobreza e a exclusión social de importantes franxas de poboación da *banlieue*, así como os excesos das forzas de orde pública, ocasionaron fortes disturbios no ano 2005 en protesta pola morte de dous mozos de orixe subsahariana que fuxían da policía,

o que desencadeou importantes enfrontamentos violentos.

Se ben en *Girlhood* non abundan os planos dedicados en exclusiva á contemplación da paisaxe urbana, si podemos extraer dos xeitos de vida das mozas protagonistas diversos factores derivados do contexto social e arquitectónico que deben levar o alumnado a reflexionar arredor da incidencia do contorno social no crecemento dos mozos e mozas da *banlieue*.

UN PASEO POLA 'BANLIEUE'



ACTIVIDADE



A partir dos seguintes fotogramas, o alumnado desenvolverá unha reflexión por escrito arredor do contexto urbano do filme. As guías para a redacción poden ser:

- Q** Como describirías o barrio no que vive Marieme?
- Q** Coidas que conta con suficientes servizos públicos ou ofertas culturais e de lecer?
- Q** Cres que os mozos e mozas criados en barrios coma o de Marieme teñen, a priori, as mesmas oportunidades de futuro ca unha persoa que vive no centro da cidade?
- Q** Coñeces algún barrio na zona na que resides, ou nalgunha outra cidade, que coincida coas características do de Marieme? Se é así, describe as similitudes entre ambos.



A CONDICIÓN FEMININA EN 'GIRLHOOD'



O rol da muller, neste caso adolescente, centra boa parte dos conflitos presentes no filme. A directora sitúa o foco nas distintas tipoloxías de explotación ou dominio que a heroína do filme, Marieme, ten que aturar ao longo do relato. Na primeira parte da película, dentro da súa rutina diaria, ten que se responsabilizar desde moi nova dos labores domésticos e do coidado das súas irmás pequenas, ao tempo que soporta o control violento exercido polo seu irmán maior que, por outra parte, non participa dos traballos da casa. Así mesmo, renuncia a coller a remuda da súa nai como traballadora da limpeza dun hotel de luxo.

Na segunda parte do filme, cando Marieme procura un traballo que lle outorgue certa independencia económica, serán outras as figuras masculinas que tenten controlar a súa vida. Aparece o personaxe do xefe, un home dedicado ao tráfico de estupefacientes e o proxenetismo que, nunha escena de gran violencia simbólica, esixe favores sexuais a Marieme a cambio do seu traballo.



A CONDICIÓN FEMININA EN 'GIRLHOOD'



ACTIVIDADE 1

Enumera e explica por escrito algún dos mecanismos de violencia ou dominación que sofre a protagonista polo feito de ser unha moza.



ACTIVIDADE 2


Cara ao remate do filme, asistimos a unha escena singular. Ismaël, o mozo que Marieme conserva da súa vida no barrio, proponlle matrimonio para fuxir da sórdida realidade na que se atopa a moza. A proposta, que nun filme convencional daría lugar, probablemente, á aceptación por parte da protagonista e un finxido final feliz, desencadea o seguinte diálogo:

—Ismaël: E podemos casar.
 —Marieme: Si, ho, si. É unha broma?
 —I: Se casamos, acábanse os problemas, serás unha rapaza decente.
 —M: Unha rapaza decente? Ser a túa mulleriña? E que me fagas un fillo? E esa será a miña vida?
 —I: Por que non? Total, que vida tes agora?
 —M: Non podo. Non quero unha vida de rapaza decente.

Dividimos a clase en dous grupos e encomendámoslle a cada un deles que artelle cadansúa argumentación para, ante o resto da clase, defender a postura de Ismaël ou Marieme, segundo o caso, e abrir así un debate sobre os roles da muller no contorno laboral e doméstico. A actividade ten como finalidade a mellora das capacidades do alumnado para o debate e o intercambio de opinións, así como a perda de temor a se expresar en público. A elaboración de argumentos previos ao debate favorecerá, así mesmo, o proceso interno e colectivo de reflexión e desenvolvemento de ideas arredor do tema en cuestión. Algunhas guías para o alumnado:

- ❓ **Por que cres que Marieme rexeita a oferta de Ismaël?**
- ❓ **Pensas que mellorarían as condicións materiais de vida da moza tras o matrimonio?**
- ❓ **A que tipo de vida se refire Marieme cando emprega o termo «mulleriña»?**
- ❓ **E en canto a Ismaël, que quere dicir con que Marieme se convertería nunha «rapaza decente»?**
- ❓ **Por que cres que ela expresa que «non quere unha vida de rapaza decente»?**

A IMAXE ADOLESCENTE



Un dos medios fundamentais que Marieme atopa para transmitir no eido social as distintas fases do seu crecemento será o cambio de aparencia. As mudanzas de *look*, peiteado ou vestimenta definen mellor que as palabras a evolución da protagonista, que se nos presenta nun inicio como unha moza tímida, vestida con chaquetas de chándal e pelo trezado para, logo da súa entrada na banda de mozas, pasar a mimetizarse coa aparencia do grupo: pelo alisado, cazadora de coiro, colar co seu novo nome, «Vic».



Na última parte do filme, xa fóra do grupo de amizades do barrio, o *look* de Marieme oscila entre dous extremos que van do aspecto andróxino da súa vida cotiá, que a leva a cortar o pelo e ocultar os seos, até a perruca loura e o vestido vermello e curto que emprega no eido laboral como medio de reclamo.

ACTIVIDADE

Describe os distintos cambios de aparencia que experimenta Marieme ao longo do filme, con especial atención ao peiteado. Que significado cres que pode ter para a moza cada unha das escollas de estilo? Cres que obedece a unha simple escolla estética ou que está condicionada polo contextos sociais nos que se vai atopando? A actividade pode realizarse oralmente na propia aula, para fomentar a participación e a confrontación de ideas e reflexións.

O BAILE COMO LIBERACIÓN DOS CORPOS



Probablemente a escena máis emblemática de *Girlhood*, ou polo menos a máis memorable no plano emocional, constitúea o baile das catro mozas do célebre tema de Rihanna *Diamonds (in the sky)*. O movemento conxunto ao son da música leva as catro rapazas a un intre de sublimación no que a expresión libre dos corpos fai que esquezan calquera realidade material.

Ao longo do filme asistimos a outras escenas de baile, como unha inicial no metro, ao son do teléfono móbil, que supón o «ingreso» de Marieme na banda de mozas. Así mesmo, o arranque do filme, no que vemos dous equipos femininos a xogar a fútbol americano, amósanos outro mecanismo de expresión corporal fundamental como é o deporte.



ACTIVIDADE

Realización dunha pequena peza de vídeo, valéndose dunha cámara dixital ou teléfono móbil, en grupos de 4 ou 5 alumnos. O vídeo, que pode ser ficcional ou documental, debe rexistrar ou representar algún exemplo cotián no que o corpo se exprese de xeito natural; recoméndanse as temáticas relacionadas coa música ou o deporte. O prazo de realización da actividade pode ser de aproximadamente unha semana e as pezas resultantes proxectaranse na aula, acompañadas dunha pequena presentación de cada grupo de realización.

DIÉXESE/ EXTRADIÉXESE



Por último, introducimos unha actividade que ten como finalidade fomentar no alumnado unha ollada crítica e analítica arredor dos elementos que interveñen na construción dun filme. Primeiramente, cómpre diferenciar os dous modos fundamentais nos que a banda sonora pode introducirse na narración cinematográfica: música diexética e extradiexética.

O termo música diexética fai referencia a aquelas pezas musicais que se atopan integradas na propia acción do filme, é dicir, a súa presenza está xustificada pola lóxica das imaxes. En *Girlhood* atopamos varios exemplos doados de identificar, como a escena na que a banda de mozas entra nunha tenda de roupa e escoitamos de fondo a música de ambiente do establecemento ou, por poñer un exemplo aínda máis elocuente, na escena do baile na rúa, no que ouvimos a música que dá lugar ás coreografías das protagonistas. Atopamos nestes casos un uso realista da banda de son que ten como finalidade, no primeiro exemplo, recrear o espazo sonoro ao que corresponden as imaxes e, no segundo, situar a música coma unha escolla das mozas para a súa expresión corporal.

A música extradiexética, porén, é aquela que se engade a posteriori, na montaxe final do filme, e cuxa introdución non se atopa xustificada polas accións que vemos na pantalla. Por expresalo dun xeito máis gráfico, a música extradiexética é aquela que os personaxes non están a escoitar no momento en que se desenvolve a acción. Esta segunda estratexia ten sido asiduamente empregada no cinema, especialmente na narrativa clásica, para suxerir diferentes emocións, sensacións ou sentimentos. Podemos poñer aquí exemplos tipo ben coñecidos polo alumnado, como a introdución de melodías de corda para enfatizar unha escena romántica ou de sons nerviosos e tenebrosos na compañía dunha escena de terror ou suspense.

No entanto, en *Girlhood*, o uso extradiexético da música fica restrinxido a unhas poucas secuencias que serán claves na estrutura narrativa do filme e nas que tentaremos incidir para que o alumnado se interroge polas funcións sintácticas que a banda sonora é quen de acadar. Un exemplo central atopámolo cara ao minuto 24 do filme, no que vemos a Marieme soa na cociña da súa casa no momento que comezamos

a ouvir un treito musical que non está provocado por ningunha acción presente nas imaxes. A introdución da banda sonora acompáñase dun movemento da cámara que se afasta da protagonista e remata cun plano en negro que dura varios segundos. Cando recuperamos a imaxe, aínda co mesmo acompañamento musical, asistimos ao cambio experimentado por Marieme, que abandonou o seu aspecto colexial para se presentar ataviada coa vestimenta que caracteriza a banda de mozas na que acaba de ingresar. Vemos por tanto que neste caso a música, acompañada doutros recursos propios da linguaxe cinematográfica, ten unha función esencialmente narrativa, ao suxerir unha elipse ou salto temporal no que se opera unha transformación relevante na evolución da protagonista. Este mesmo procedemento, con idéntica escolla musical, repétirase noutras tres ocasións ao longo do filme, que coinciden sempre con momentos clave no desenvolvemento de Marieme.

ACTIVIDADE

Logo dunha explicación previa ao visionado do filme dos dous mecanismos básicos de introdución da música no cinema, encomendámoslle ao alumnado que repare durante o visionado de *Girlhood* na utilización da banda sonora, e que sinale polo menos un exemplo de utilización diexética e extradiexética da mesma. Na sesión posterior ao visionado, abrírase unha quenda de intervencións e intercambio de ideas na que se tentarán dilucidar as posibles intencións da autora á hora de introducir cada unha das músicas do filme.

ACTIVIDADE: MELODIAS DO ARRABALDE

Son numerosas as ocasións nas que o cinema francés, sempre atento á diversidade cultural e as desigualdades entre clases, se ten achegado ás *banlieues* ou arrabaldes

das súas grandes cidades, especialmente París. Aquí tedes unha pequena guía a través das súas mostras máis emblemáticas:



Terrain vague
(Marcel Carné, 1960)



La vie comme ça
(Jean-Claude Brisseau, 1978)



Octobre à Paris
(Jacques Panijel, 1962)



Europa 2005 - 27 octobre
(Jean-Marie Straub /
Danièle Huillet, 2006)



La haine
(Mathieu Kassovitz, 1995)



Divines
(Houda Benyamina, 2016)



35 rhums
(Claire Denis, 1998)



Banlieuesards
(Kery James & Leïla Sy, 2019)



Wesh wesh, qu'est-ce qui se passe?
(Rabah Ameur-Zaïmeche, 2001)



Les misérables
(Ladj Ly, 2019)

ESCOLMA DE ARTIGOS E ENTREVISTAS



«As tres primeiras longametraxes de Céline Sciamma abren con imaxes poderosas, capaces de condensar en poucos planos o sentido posterior duns **relatos de iniciación** que a cineasta francesa domina con **destreza naturalista e profunda sensibilidade**. Mantén os seus retratos da difuminada zona de paso da infancia á adolescencia ou de aí ao abismo adulto sempre á altura dos personaxes; sen mel nostálgico, morbo forzado nin tremendismo artificial. Fermoso como os diamantes no ceo»

CINEMANÍA
Daniel de Partearroyo

«En *Girlhood*, como en *Lirios de auga* e *Tomboy*, domina o estilo sensorial de Sciamma, que artella un esquema de **exquisitas formas case máis impresionista que realista** a pesar do seu aire, só aparente, de drama social á europea. Hai en Sciamma un coidado traballo coa luz, tanto en interiores como en exteriores, coas transicións entre secuencias, cos fundidos e coa música e a montaxe de son. Case en todo momento resulta autenticamente precisa na súa fisicidade»

EL PAÍS
Javier Ocaña
[Texto completo](#)

«Din que os filmes femininos son máis íntimos pero eu creo que o son porque son pobres. Creo que **o cinema feminino está moi vinculado á economía, non tanto ao sexo**. O que realmente quixen deixar claro é que se pode facer un filme en Europa sen unha soa presenza branca, e ao mesmo tempo ser moi realista. O cinema europeo só emprega actores negros para representar unha parte da sociedade, pero non para desenvolverlos como personaxes. É unha cuestión de conciencia»

EL CULTURAL
Entrevista con Céline Sciamme,
por Carlos Reviriego
[Texto completo](#)

GIRLHOOD

[Céline Sciamma, 2014]

NUMAX NA ESCOLA #01

escola@numax.org

FICHA TÉCNICA

Bande de filles (2014, 112')

Dirección e guión: Céline Sciamma

Elenco: Diabate Idrissa, Rabah Nait Oufella, Tatiana Rojo, Karidja Touré, Assa Sylla, Lindsay, Karamoh, Mariétou Touré, Idrissa Diabaté, Simina Soumaré, Dielika Coulibaly, Cyril Mendy, Djibril Gueye, Binta Diop, Chance N'Guessan, Damien Chapelle, Nina Melo, Elyes Sabyani

Montaxe: Julien Lacheray

Son: Annabel Acquaviva

Música: Jean-Baptiste de Laubier

Fotografía: Crystel Fournier

Produtora: Hold Up Films, Lilies Films, Arte France Cinéma

Distribución en España:
Abordar Casa de Películas

FILMOGRAFÍA DA CINEASTA

Lirios de auga (*Naissance des pieuvres*, 2007)

Pauline (2010, curtametraxe)

Girlhood (*Bande de filles*, 2014)

Retrato dunha muller en chamas (*Portrait de la jeune fille en feu*, 2019)

BIBLIOGRAFÍA RELACIONADA

Americanah, Chimamanda Ngozi Adichie. Literatura Random House, 2014

¿Qué representa el nombre de Sarkozy?, Alain Baidiou. Ellago, 2008

Arab Jazz, Karim Miske. Adriana Hidalgo Editora, 2014

La Construction des images dans les discours sur la banlieue parisienne Isabelle Papieau. L'Harmattan, 1996

Portrait de femmes du faubourg a la banlieue, Isabelle Papieau. L'Harmattan, 2005

Esta unidade didáctica foi realizada pola cooperativa NUMAX ao abeiro do Fondo de proxectos culturais Xacobeo 2021 da Xunta de Galicia

CONCEPCIÓN E REDACCIÓN
Xan Gómez Viñas (NUMAX na Escola)

REVISIÓN LINGÜÍSTICA
Ana Salgado

DESEÑO GRÁFICO
Laboratorio NUMAX

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal 9, baixo
15702 Santiago de Compostela
TFNO.: 981 560 250 | www.numax.org